

MANUEL RIVAS

BALADA NAS PRAIAS DO OESTE

Na ribeira acouga a nao
e aniñan no seu mastro os paxaros da terra.
Co compás trazo as rotas en mapas de labranza,
dóeme a ira do ceo no feble costelame da semente,
e temo a deriva da flor por ventos deshumanos.
Dorme a nao na ribeira,
cuberto en mato e xuncos o ensoño azul da quilla
e alma ten de farándula o mascarón da proa.
Na bitácora gárdase o caderno das lúas e a búsola das chuvias

unha botella con vello licor de neve.
Canta a laverca nun arpón de ferruxe,
trinca os cabos un salouco de merlo,
e albiscan os corvos no timón a miúda morte que se deita
/nas beiras.

Todo listo, almirante, para a grande viaxe.

De *Balada nas praias do Oeste* (1985)